



PROTOCOLO RELATIVO AO LEVANTAMENTO GRADUAL DAS MEDIDAS DE CONFINAMENTO NOS ESPAZOS XOVE DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Mediante o presente protocolo establécese o procedemento de atención ao público e a realización de actividades nos 12 Espazos Xoves dependentes da Consellería de Política Social.

Continuarase coa atención ao público de forma telefónica, por correo, whatsapp, ou redes sociais, así como de forma presencial.

Será obrigatorio o uso de máscaras para as persoas que accedan ao Espazo Xove en demanda de información, así como para participar en actividades, ou reunirse entre os mozos/as, en virtude do establecido na *RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.*

Por tanto, todas as actividades deben realizarse con máscaras (hixiénicas ou cirúrxicas) como indican as diferentes recomendacións dispoñibles na páxina coronavirus.sergas.gal. Así mesmo, ao entrar no Espazo Xove deberase realizar unha adecuada hixiene das mans, empregando a solución



hidroalcohólica e seguindo as instrucións facilitadas ao efecto por medio de infografías.

O uso de máscaras cirúrxicas ou hixiénicas (recomendable que cumpran a norma UNE 0065, se son reutilizables), é obrigatoria en maiores de 6 anos e de forma recomendable entre os 3 e 6 anos.

Así mesmo, manterase a distancia interpersonal de seguridade, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento.

1. Atención ao público con cita previa

Os usuarios/as dos Espazos Xoves poderán pedir cita previa para solicitar información ou para a xestión dos servizos que ofrece o propio centro.

Tamén se poderá acudir ao centro e ser atendidos sen cita previa, sempre e cando non se supere o aforo do centro, e tendo preferencia as persoas que asisten con cita previa.

Esta asistencia só se poderá facer de xeito individual, e mantendo sempre as medidas de distanciamento social e hixiénico-sanitarias recomendadas polas autoridades sanitarias.

O responsable do Espazo Xove distribuirá cada día o sistema de cita previa, que terá en conta para admitir a persoas sin cita, para asegurar o aforo adecuado cando haxa varios demandantes de información que coincidan no mesmo horario no local de atención directa ao público.



2. Utilización de salas

Así mesmo, poderanse empregar as salas de informática, as utilizadas para o estudo, os locais de ensaio e salas similares, e mantendo sempre a distancia de seguridade. **O responsable de cada centro establecerá o aforo permitido para un espazo que permita unha separación de 1,5 metros entre os asistentes. Aproximadamente 3 metros cadrados por persoa.**

Utilizarase este mesmo criterio cando acudan grupos de mozos para reunirse, sin pretender asistir a ningunha actividade, senón para utilizalo como lugar de encontro, unha das finalidades de todo espazo xove.

Os utensilios e mobiliario utilizado nestas actividades, ou nos espazos de encontro, requirirán dunha correcta limpeza dos espazos empregados, previa ao uso por parte doutro usuario/a. Por isto, en todas estas salas haberá panos de papel e xel hidroalcolico para que os propios usuarios/as poidan desinfectar o material empregado logo de rematar a súa quenda. Deberase extremar, por tanto, a hixiene persoal e a desinfección posterior do material utilizado, cuxa tarefa lles será explicada polo persoal do propio Espazo Xove para ser realizada dun xeito correcto.

O responsable do Espazo Xove deberá elaborar un cronograma de quendas o suficientemente amplo para evitar a coincidencia nos puntos de acceso ao centro, intentar dar servizo a todo aquel que o demande e garantir o distanciamento social de 1,5 metros.

3. Actividades nos Espazos Xove



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 54 48 64
www.xuventude.net
xuventude@xunta.gal

Permitirase a realización de actividades grupais, ben sexan propias ou postas en marcha por parte das asociacións usuarias de cada Espazo Xove tras solicitar a correspondente cesión de sala, adaptándose as indicacións tanto do Ministerio de Sanidade coma do Sergas sobre as medidas de seguridade (espacio interpersoal, número de participantes, uso de máscaras...).

Cando as asociacións ou entidades soliciten locais dos espazos xove para a realización de actividades, priorizaranse as que teñan como destinatarios mozos/as de 14 a 30 anos.

O Espazo Xove delimitará os espazos para as diferentes actividades e establecerá un cronograma interno por días para evitar un fluxo excesivo de persoas nos puntos de acceso ou que, nun mesmo espazo, convivan dous grupos de persoas.

Durante o desenvolvemento da actividade, o monitor/a velará por que os usuarios/as manteñan a necesaria distancia social entre eles e elas, que se manteña a máscara posta en todo momento e se leve a cabo a correcta desinfección tanto das mans como do material existente mentres se produza a actividade.

Tras o uso dunha sala despois dunha actividade grupal será preciso proceder á súa limpeza por parte da entidade organizadora ou do Espazo Xove. Se isto non é posible, só se poderá levar a cabo unha actividade grupal por día en cada sala adaptada para dita acción.



O Espazo Xove non organizará nin permitirá a organización de actividades con afluencia superior á permitida, e tendo sempre en conta o fluxo entre as distintas actividades nos espazos de entrada e saída, aínda que as actividades logo se fagan en salas distintas.

É importante que na realización de actividades, tanto nas organizadas polo propio Espazo Xove como por asociacións ou entidades, se incida na obrigatoriedade de uso de máscara, cumprimento da distancia física de seguridade, ventilación dos espazos cada hora e media durante 10-15 minutos e hixiene de mans antes e despois de ir ao espazo. Así mesmo, será obrigatorio rexistrar o número de teléfono dos participantes nas actividades para a localización dos contactos en caso de brote.

3.1. Declaración responsable

Tanto nas actividades grupais organizadas polo propio centro como nas organizadas polas diferentes asociacións ou entidades ás que lle sexan cedidas salas, os participantes (no primeiro caso) e as entidades (no segundo) deberán cubrir unha declaración de responsable na que se asumirá que se coñece o protocolo, os riscos derivados da actividade e o compromiso de levala a cabo. A entidade organizadora da actividade asume a custodia dos datos, así como a obriga de comunicar á dirección do Espazo Xove calquera incidencia derivada da COVID 19.

3.2. Participantes nas actividades



Ademais de todos os requisitos anteriormente expostos, as persoas participantes nas diferentes actividades deberán velar, en colaboración co monitor/profesor da actividade pola súa correcta hixiene persoal: incrementando o lavado habitual de mans, evitando coller pertenzas alleas, a través dun correcto uso das instalacións, aulas e zonas comúns e de paso, etc.

No caso de menores de idade, a persoa participante só poderá vir acompañada por un pai/nai ou titor legal, co obxectivo de reducir a entrada ao persoal alleo á instalación. Estes deberán agardar na entrada exterior ou saída das instalacións, co fin de limitar ao mínimo imprescindible a súa permanencia no centro.

No caso de actividades non promovidas polo Espazo Xove, a entidade ou solicitante das instalacións é a encargada de contratar a todo o persoal técnico necesario para garantir a correcta prestación da actividade, así como a distribución de mobiliario e organización da sala que se atopa adaptado á normativa vixente.

Esta entidade debe encargarse ademais de poñerse en contacto coas persoas participantes para coñecer o seu estado de saúde e saber se estiveron expostas a risco de contaxio. Cómpre ter en conta que non se permitirá a entrada á instalación de ningunha persoa que:

- Sexa diagnosticada positivo por COVID-19.



- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días días previos á súa participación.

Estas medidas serán tamén de aplicación cando unha sala sexa solicitada por un grupo de mozos/as como lugar de encontro.

4. Outras medidas hixiénico-sanitarias

- Na entrada de cada Espazo Xove, así como nas salas de uso común, disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto aos empregados públicos coma os/as usuarios/as, realizar unha adecuada hixiene das mans.
- O persoal debe ir provisto de máscara e fará uso do xel hidroalcohólico que estará dispoñible no centro, así como nos lavabos.
- O persoal traballador deberá informar e exhibir tamén, mediante documentos oficiais visibles no centro, as diferentes recomendacións das autoridades sanitarias ao respecto (infogramas dispoñibles no enderezo [electrónico](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/img/COVID19_como_protegerse.jpg) seguinte:
[https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActu
al/nCov-China/img/COVID19_como_protegerse.jpg](https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/img/COVID19_como_protegerse.jpg))



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 54 48 64
www.xuventude.net
xuventude@xunta.gal

- Así mesmo, todas as medidas preventivas deberán ser explicadas con anterioridade aos usuarios/as para a súa tranquilidade, coñecemento e seguridade, apoiándose tamén nos recursos que ofrecen as redes sociais. Débese traballar coa mocidade, desde o punto de vista pedagóxico, sobre a adaptación a esta nova situación, poñendo especial interese nas súas necesidades e inquiredanzas. Pódese atopar material necesario na seguinte ligazón: <https://femora.sergas.es/Seguridade/>
- Nos espazos onde se realicen actividades grupais, así como nas demais salas empregadas, deberase realizar, sempre que sexa posible, unha correcta ventilación do local. Recoméndase a ventilación natural unha hora antes da hora de apertura e unha hora despois do peche, especialmente naqueles locais que non dispoñan de sistemas de climatización con ventilación forzada de aire exterior.
- Así mesmo, recoméndase a máxima aireación posible como mínimo de 15/20 minutos diarios de todas as instalacións especialmente nas salas de maior afluencia e entre uso e uso das instalacións. Cando nunha sala ou aula se realicen actividades durante máis dunha hora procederase á ventilación que correrá cargo da persoa solicitante da sala ou monitor en quen delegue.
- Reforzarase, de ser posible, a limpeza en todos os espazos compartidos, en especial nos servizos, salas de actividades e demais zonas comúns. Unha limpeza debería de ser pola mañá (antes da apertura) e unha segunda limpeza ao longo da xornada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 54 48 64
www.xuventude.net
xuventude@xunta.gal

- A limpeza realizarase con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, pasamáns, billas, etc utilizando para iso desinfectantes como solucións de lixivia (1:50) preparada no momento ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados.
- Evitar a limpeza en seco para non remover po, realizarase arrastre húmido (quitar o po que se depositou en mesas ou obxectos con auga e xabón e non con trapos secos). Evitarase varrer e o uso de aspiradoras e utilizaranse mopas dun só uso. Non sacudir.
- Sempre que sexa posible e o centro o permita, estableceranse protocolos de circulación nos edificios para facilitar o mantemento de distancias: dirección de ida/volta. Itinerario de circulación nun único sentido para evitar cruces.
- Revisarase o sistema de instalación de climatización, se existe, asegurando a limpeza ou substitución dos filtros de aire exterior en caso necesario, para maximizar no posible o caudal de ventilación.
- As papeleiras deben ser con tapa e apertura de pedal e deben estar distribuídas por todo o edificio. Deberanse limpar polo menos unha vez ao día.
- Manterase, sempre que sexa posible, a ventilación dos aseos permanentemente, procurando que os inodoros se descarguen coa tapa pechada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 54 48 64
www.xuventude.net
xuventude@xunta.gal

- Retiraranse as máquinas que se activan ao tacto, de habelas. No caso de que non sexa posible, débense desinfectar as mans antes e despois do seu uso; e a limpeza debe de ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo co usuario.
- Recoméndase a non utilización dos dispensadores de auga con botella, de habelos. en caso de utilizarse cada usuario ten que extremar a hixiene dos obxectos que vaia a utiliza. Non se pode beber directamente das billas.
- Na medida do posible, débense manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas, para evitar o contacto das persoas coas manetas e os pomos.
- Pódese valorar dispoñer de felpudos humedecidos cunha solución de auga e lixivia ao 2% para as entradas e saídas ao centro.
- Nos Espazos Xove nos que hai ascensor, o seu uso será prioritario para o persoal con discapacidade ou no que concorran outras circunstancias que recomenden a prioridade do seu uso. En todo caso, hai que garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros e, se non é posible, empregaranse o ascensor de xeito individual. Sempre se recomendará a utilización das escaleiras de forma preferente, cando sexa posible.
- Non se empregarán elementos materiais compartidos polos asistentes. De forma excepcional, no caso de ser compartidos entre os asistentes, deberán estar correctamente desinfectados antes da actividade. No caso de ser unha actividade allea ao centro, esta tarefa será responsabilidade do monitor ou persoa responsable da actividade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 981 54 48 64
www.xuventude.net
xuventude@xunta.gal

- Ante a presenza dalgún usuario/a ou traballador/a con sintomatoloxía compatible con Covid-19, é necesario proceder ao illamento nunha habitación con máscara cirúrxica. Deberase chamar a un profesional sanitario que debe avaliar a situación.